



BASES

I CERTAME INTERNACIONAL DE MÚSICA CORAL DE NIGRÁN



AR& CANENDI

As Voces do Camiño

BASES ESPECÍFICAS E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE PREMIOS “I CERTAMEN INTERNACIONAL DE MÚSICA CORAL “ARS CANENDI”: As Voces do Camiño” DE NIGRÁN.

1ª.- NATUREZA XURÍDICA

Estas bases específicas teñen por obxecto regular o desenvolvemento do I CERTAME INTERNACIONAL DE MÚSICA CORAL “ARS CANENDI: As Voces do Camiño” DE NIGRÁN, co obxecto de outorgar premios que revisten natureza xurídica de subvencións, de acordo co disposto no art. 2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e dos preceptos concordantes da normativa autonómica.

En consecuencia, ademais do previsto nas presentes bases, resultará tamén de aplicación o disposto nas seguintes disposicións normativas, así como as demais concordantes:

- A Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE n.º 276 de 18-11-2003)
- O Real decreto 887/2003, do 21 de xullo, polo cal apróbase o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE n.º 176 de 25-7-2006).
- Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo cal apróbase o Regulamento da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG n.º 20 de 29-1-2009).
- Ordenanza xeral de subvencións a entidades sen ánimo de lucro do Concello de Nigrán (BOP n.º 141, de 22-7-2005), naquela parte na que non se contradiga coas disposicións anteriores.
- A Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Ao mesmo tempo, en unidade de acto realízase a correspondente convocatoria.

2ª.- DATA

O Certame desenvolverase os días 2 e 3 de xullo de 2022 no Templo Votivo do Mar de Panxón, Nigrán.

3ª.- MODALIDADE

Debido ao lugar de celebración do Certame, haberá unha única modalidade e a temática versará sobre música sacra.

4ª.- PARTICIPANTES

Poderán solicitar a súa participación no Certame calquera agrupación coral de voces iguais ou mixtas integrada por cantores non profesionais, nun número non inferior a 16 nin superior a 40. A agrupación coral debe ser unha entidade sen ánimo de lucro.

A Concellería de Cultura seleccionará, segundo criterios técnico-musicais e curriculares, un máximo de cinco agrupacións corais, que serán as que participen no Certame.

Os criterios técnico-musicais serán os seguintes:

- | | |
|--|------------------|
| • Execución técnica: | 25 puntos |
| • Afinación: | 25 puntos |
| • Expresión: | 20 puntos |
| • Variedade e calidade do repertorio presentado: | 20 puntos |



Os criterios curriculares serán:

- Por cada concurso nivel internacional gañado **5 puntos**
- Por cada concurso nivel nacional gañado **3 puntos**
- Por cada concurso nivel local gañado **2 puntos**

Esta selección será publicada por orde de puntuación nunha acta no taboleiro e na sede electrónica do Concello de Nigrán o día 06/06/2022 e sen posibilidade de recurso.

5ª.- OBRAS A INTERPRETAR

As interpretaciones serán *a cappella*, podendo ser acompañadas, no seu caso, por algún elemento de percusión de afinación non determinada. O Repertorio que interpretará cada agrupación coral estará integrado por:

1. Unha obra obrigada inédita: "Ave Maris Stella" de Javier Fajardo
2. Unha obra sacra pertencente aos períodos do Renacemento ou do Barroco
3. Unha obra sacra pertencente aos períodos do Clasicismo ou Romanticismo
4. Unha obra sacra composta a partir de 1950

A orde de interpretación do repertorio será fixado por cada agrupación coral e comunicado á organización ao confirmar a súa participación no Certame.

As agrupacións corais seleccionadas non poderán interpretar, dentro das obras de libre elección, unha mesma composición, polo que terá preferencia na elección aquel coro que formalizara a súa inscrición en primeiro lugar. Así, serán as agrupacións corais que se inscribiron con posterioridade os que terán que cambiar a obra coincidente no súa repertorio.

O programa presentado, incluída a obra obrigada, terá unha duración mínima de 15 minutos e máxima de 20 minutos de tempo real de música (non se contabilizarán pausas ou aplausos).

A agrupación coral que non respecte estes tempos será penalizada con 5 puntos por cada minuto fora do límite, máximo ou mínimo, fixado.

6ª.- PREMIOS

Establécense os seguintes premios:

1º Premio: Trofeo e 3.000 euros.

2º Premio: Trofeo e 2.000 euros.

3º Premio: Trofeo e 1.000 euros.

Premio mellor interpretación Obra Obrigada: Trofeo e 500 euros. Este premio, no seu caso, poderá ser acumulable a calquera outro premio.

Os premios serán compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

7ª.- FINANCIACIÓN

A contía máxima do conxunto de premios, trofeos, axudas, axudas de custo e outros gastos correspondentes ao Certame ascende a 20,500 € euros con cargo ás consignación orzamentaria reflectida na partida 334.48001 e 334.2260901 do Orzamento Xeral para o ano 2022.





8ª.- DESENVOLVEMENTO DO CERTAME

Mediante sorteo establecerase a orde de intervención no concurso, do que informará a Concellería de Cultura aos coros participantes.

O mesmo día da celebración do concurso, pola mañá, cada agrupación coral terá 10 minutos para probar a acústica do Templo.

Os premios entregaranse nun acto que terá lugar o domingo 3 de xullo ás 12:00 da mañá no Auditorio do Concello de Nigrán, ao que deberán asistir as agrupacións corais seleccionadas.

O acto comezará coa interpretación dunha obra de temática libre por parte de cada unha das agrupacións corais participantes no Certame e finalizará coa interpretación por parte do coro gañador da obra obrigada.

9ª.- XURADO E VEREDICTO

O Xurado estará integrado por catro compoñentes de recoñecido prestixio no eido da música coral; un deles actuará coma Presidente e se nomeará Secretario ao compoñente de menor idade. Os seus nomes faranse públicos con antelación ao comezo do Certame.

O Xurado valorará e puntuará sobre os seguintes aspectos:

- | | |
|--|------------------|
| • Execución técnica: | 25 puntos |
| • Afinación: | 25 puntos |
| • Interpretación en estilo do repertorio: | 20 puntos |
| • Expresión: | 20 puntos |
| • Variedade e calidade do repertorio presentado: | 10 puntos |

Cada membro do xurado puntuará ata 100 puntos pola actuación global de cada coro. Eliminarase a máxima e mínima puntuación outorgada, obténdose a puntuación definitiva mediante a suma das puntuacións do resto dos membros do xurado.

O veredicto do xurado será inapelable e por unanimidade, poderá non atribuír premios aos coros que non obteñan, polo menos, o 80% do total dos puntos para o primeiro premio, o 75% para o segundo e o 70% para o terceiro.

O veredicto do Xurado será comunicado, o día de entrega dos premios mediante acta. Ésta será publicada no Taboleiro do Concello e na súa sede electrónica nos días posteriores á finalización do Certame.

10ª.- AXUDAS ECONÓMICAS

Como axuda de gastos de desprazamento aboarase a cada agrupación coral participante a cuantía de 0,75 céntimos por km.

A kilometraxe calcularase usando google maps e sempre se collerá a ruta máis corta. Para os coros que veñan das Illas Baleares e Illas Canarias terase en conta a kilometraxe desde Valencia (Illas Baleares) e desde Cádiz (Illas Canarias).





Concederáse unha axuda por hospedaxe de 15 euros por cada coralista e director ás agrupacións corais que non obteñan ningún dos tres primeiros premios ou mellor premio á obra obrigatoria. Desta maneira, e para recibir as axudas de hospedaxe (15 euros por coralista), as agrupacións corais deben presentar a factura do hotel onde se aloxarán.

Para poder recibir as axudas de kilometraxe, as agrupacións corais deben presentar unha factura de servizo de autobús que indique a orixe e o destino. A orixe debe corresponder á residencia da agrupación coral.

Aquelas agrupacións corais que veñan de fora da península, poñeráselles un autobús de balde para recollelos e levalos de volta ao aeroporto e terán o aloxamento de balde (nunha residencia de estudantes). Tamén se lles pagarán as comidas do sábado e o almorzo do domingo. Por este motivo non recibirán a axuda económica por gastos de desprazamento nin de hospedaxe.

A residencia de estudantes que albergará ás formacións de fora de España é o colexio "Arquitecto Palacios" de Panxón.

11ª.- PAGAMENTOS

Os premios e axudas serán aboados por medio de transferencia bancaria ao número de conta facilitado por parte das agrupacións corais participantes na solicitude de inscrición.

12.-INSCRICIÓN E DOCUMENTACIÓN

As agrupacións corais interesadas en participar deberán formalizar a súa inscrición no Certame a partir da data da publicación das presentes Bases e Convocatoria e ata o día 23 de maio de 2022 . A solicitude e a documentación que a acompañe presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Nigrán (Praza da Constitución, 1. 36350, Nigrán, Pontevedra).

As solicitudes poderán presentarse por calquera dos medios previstos no art. 16.4 da Lei 39/2005 do 1 de outubro do Réxime xurídico ás administracións públicas e do procedemento administrativo común, admitíndose , entre outros, a presentación a través da sede electrónica do Concello de Nigrán (sede.nigran.org) e correo postal (dirixido ao I Certame Internacional Coral Ars Canendi: As Voces do Camiño. Concellería de Cultura do Concello de Nigrán. Praza da Constitución, 1. 36350, Nigrán, Pontevedra)

No caso de que a solicitude ou a documentación sexan incorrectas ou incompletas, o Concello requirirá a súa emenda nun prazo de 7 días naturais. Transcorrido este prazo sen que a persoa ou entidade solicitante dea cumprimento ao requirimento, terase por desistida a súa petición e archivarase o expediente.

A **documentación** que achegarán será

- Solicitude de participación debidamente cuberta, segundo o modelo incluído como ANEXO I das presentes bases e convocatoria
- Historial da agrupación e do/da seu/súa director/a
- Fotocopia do CIF
- Certificación bancaria con IBAN completo, de conformidade coa normativa SEPA, da agrupación participante.





- As agrupacións españolas deberán presentar un certificado de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigacións fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria e a Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- As agrupacións de fora de España deberán cumprimentar unha declaración xurada onde digan que están ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade Social no seu país.

Unha vez comprobadas as solicitudes e documentación, faranse públicas as agrupacións seleccionadas a través da páxina web do Concello de Nigrán, a partir do 6 de xuño.

As Agrupacións seleccionadas deberán obrigatoriamente participar no Certame de acordo coas presentes bases e convocatoria. Como garantía do anterior, as agrupacións corais seleccionadas deberán depositar 250 euros en concepto de fianza, no prazo de 4 días a partir da confirmación da súa selección, que se fará efectiva mediante transferencia ao número de conta facilitado. A devandita fianza será reintegrada posteriormente tras a celebración do Certame.

13ª.- DISPOSICIÓN FINAIS

1. Calquera cambio ou rectificación das obras de libre elección ou da orde de interpretación someterase á aceptación da Organización e deberá comunicarse, como mínimo, un mes antes da celebración do Certame.
2. A Organización colaborará coas agrupacións corais que o soliciten na procura de aloxamento.
3. A Organización poderá gravar e reproducir as obras interpretadas no Certame sen que sexa exigible ningún dereito por parte dos coros; tampouco poderán opoñerse á difusión de gravacións das actuacións en directo.
4. A participación no I CERTAME INTERNACIONAL DE MÚSICA CORAL "ARS CANENDI: As Voces do Camiño" DE NIGRÁN implica a aceptación plena das presentes bases.
5. No caso de contradicións e/ou omisións, aplicarase o indicado nas bases redactadas en galego.

Para calqueira información relacionada co Certame, poderán dirixirse a: Email: cultura@nigran.org

O Alcalde
Juan González Pérez

A Concelleira de Cultura
Nuria Lorenzo López



**I CERTAME INTERNACIONAL
DE MÚSICA CORAL DE NIGRÁN**



ARS CANENDI
As Voces do Camiño